



CUESTIONARIO TIPO TEST DE 25 PREGUNTAS SOBRE OS TEMAS XERAIS DO PROGRAMA (ANEXO I.A)

OBSERVACIÓNS:

- A realización do exercicio terá unha duración máxima de corenta e cinco (45) minutos.
- O exercicio deberá realizarse na folia de respostas, a cal non poderá asinarse nin conter o nome do opositor nin ningún outro dato persoal ou sinal que poida identificar ao opositor. Unicamente deberá pegar o código facilitado polo Tribunal.
- Marque a opción elixida de maneira clara e evidente na folia de respostas. No caso de cambiar a resposta fágao de maneira que non queden dúbidas sobre a opción definitiva. De ser dubidosa a opción seleccionada, será refutada como non contestada.
- Deberá responder tamén as cinco preguntas de reserva, que serán cualificadas no suposto de que algunha das 25 principais conteña un erro ou sexa determinada nula polo Tribunal, polo mesmo orden en que aparecen.
- Puntuarase cun máximo de 10 puntos, quedando eliminadas as persoas que non acaden un mínimo de 5 puntos.
- As respostas correctas puntuarán 0,40 puntos cada unha.
- Non se valoraran as preguntas non contestadas e as falladas restarán 0,25 puntos cada unha.



1.-O dereito a desfrutar dunha vivenda digna e adecuada, segundo a Constitución Española de 1978:

- a) É un principio reitor da política social e económica.
- b) É un dereito fundamental.
- c) É un dereito dos cidadáns.

2.-Sobre cal das seguintes materias ten competencia exclusiva o Estado?

- a) Vivenda.
- b) Obras públicas de interese xeral.
- c) Portos deportivos e de refuxio.

3.-A derogación dunha lei orgánica exige:

- a) Maioría simple do Congreso, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.
- b) Maioría absoluta do Congreso e do Senado.
- c) Maioría absoluta do Congreso, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.

4.-Cal das seguintes afirmacións é a correcta, segundo o disposto no artigo 141 da Constitución Española?

- a) A alteración dun límite municipal deberá ser aprobada polas Cortes Xerais mediante lei ordinaria.
- b) A alteración dun límite provincial deberá ser aprobada polas Cortes Xerais mediante lei orgánica.
- c) A alteración dun límite municipal deberá ser aprobada por Lei da Asamblea Lexislativa da Comunidade autónoma.

5.-Quen garante a autonomía dos municipios?

- a) O Estatuto de autonomía.
- b) A Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.
- c) A Constitución Española.

6.-En cantos títulos se estrutura a Constitución Española?

- a) 11 títulos.
- b) 10 títulos.
- c) 9 títulos.

7.- Segundo o artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en:

- a) Réxime xurídico dos montes veciñais en man común.
- b) Patrimonio histórico de interese de Galicia, sen prexuízo da defensa contra a súa exportación e expoliación, que é competencia estatal.
- c) As dúas anteriores son correctas.

8.- Segundo o artigo 40 do Estatuto de Autonomía de Galicia, mediante Lei de Galicia poderase:

- a) Recoñecer a área metropolitana como entidade local con personalidade xurídica e demarcación propia.
- b) Recoñecer personalidade xurídica á parroquia rural.
- c) As dúas anteriores son correctas.



9.- Indique a resposta correcta segundo o disposto polo artigo 36 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Os actos administrativos produciranse por escrito a través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada.
- b) Os actos administrativos produciranse por escrito a través de medios electrónicos.
- c) Os casos nos que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, deberá quedar constancia escrita do acto polo titular do órgano inferior ou funcionario que a reciba oralmente.

10.- Conforme dispón o artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, o documento mediante o cal os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública os seus datos identificativos ou calquera outro dato relevante para o inicio dunha actividade ou exercicio dun dereito, denomínase:

- a) Declaración responsable
- b) Comunicación previa
- c) Comunicación

11.- O artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece a obriga de motivar os actos administrativos, con sucinta referencia aos feitos e fundamentos de dereito:

- a) Cando podan lesionar liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Cando se separen do criterio seguido en actuacións precedentes.
- c) En todo caso.

12.- Segundo o artigo 77 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, cando a Administración non teña por certos os feitos alegados polos interesados, o instrutor dun procedemento acordará a apertura dun período de proba, por un prazo:

- a) Non superior a quince días nin inferior a dez.
- b) Non inferior a quince días.
- c) Non superior a trinta días nin inferior a dez.

13.- Nos procedementos administrativos o órgano competente poderá recabar a mellora voluntaria da solicitude, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) No caso de que non reúna os requisitos exixidos pola lexislación aplicables.
- b) En procedementos iniciados de oficio ou a solicitude do interesado
- c) En procedementos iniciados a solicitude do interesado.



14.- Se algúns dos suxeitos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas, presenta unha solicitude de forma presencial,

- a) A Administración Pública requirirá ao interesado para que a emende a través da súa presentación electrónica, considerándose como data da presentación da solicitude aquela en que se realizase de maneira presencial.
- b) A Administración Pública requirirá ao interesado para que a emende a través da súa presentación electrónica, considerándose como data da presentación da solicitude aquela en que se realizase a emenda da solicitude.
- c) A Administración Pública non requirirá ao interesado para que a emende a través da súa presentación electrónica, considerándose como data da presentación da solicitude aquela en que se realizase de maneira presencial.

15.- Que recurso administrativo se pode interpoñer contra actos firmes en vía administrativa, segundo o expresado no título V da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas?:

- a) O recurso extraordinario de revisión
- b) O recurso de alzada
- c) O recurso potestativo de reposición

16.- Sinale cal destes servizos non é obrigatorio que se ofrezca en todos os concellos:

- a) Abastecemento de auga potable
- b) Biblioteca pública
- c) Cemiterio

17.- Sinale cales das seguintes entidades non son entidades locais territoriais:

- a) Os municipios
- b) As illas
- c) As provincias

18.- Sinale cal non é un elemento do Municipio:

- a) O territorio
- b) A poboación
- c) O goberno local

19.- Cal dos seguintes órganos non existe en todos os concellos de réxime xeral?

- a) A Xunta de Goberno Local.
- b) A Comisión Especial de Contas.
- c) O Pleno.



20.- Sinale cal destas competencias lle corresponde ao Pleno:

- a) Aprobación inicial dun plan especial de reforma interior.
- b) Alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
- c) Ditar bandos.

21.-En relación co Padrón municipal, sinale a resposta correcta:

- a) Os veciños do municipio son os inscritos no Padrón municipal.
- b) Os datos do Padrón non constitúen proba da residencia no municipio.
- c) Os datos do Padrón non constitúen proba do domicilio habitual no municipio.

22.- Aqueles contratos administrativos que teñen como obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade, denomínanse:

- a) Contrato de concesión de servizos.
- b) Contrato de subministración.
- c) Contrato de servizos.

23.-Cal das seguintes afirmacións é correcta, en relación co contrato administrativo de obras?

- a) Referirase a una obra completa.
- b) Poderán celebrarse contratos de obras sen referirse a unha obra completa unicamente no suposto de execución de obras pola propia administración.
- c) Poderán contratarse obras definidas mediante proxectos independentes relativos a cada unha das partes dunha obra completa cando sexan susceptibles de utilización independente ou podan ser substancialmente definidas e proceda a autorización do órgano de contratación que funde a conveniencia da dita contratación.

24.- Sinale a resposta incorrecta en relación co recurso de alzada:

- a) Poderá interpoñerse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.
- b) Deberá interpoñerse ante o órgano superior xerárquico do que ditou o acto que se impugna.
- c) Se o acto fora expreso, deberá interpoñerse no prazo de 1 mes.

25.- Nun procedemento iniciado a solicitude de interesado que teña como fin o acceso a unha actividade inocua, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa, segundo o artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Lexitima ao interesado para entender estimadas por silencio as súas pretensións.
- b) Implica que debe entenderse desestimada por silencio a solicitude.
- c) Implica que debe entenderse estimada a solicitude si así ben establecido nunha norma con rango de Lei.



PREGUNTAS DE RESERVA

R1.- Indique cal das seguintes respostas é a correcta. Considerarase contrato menor:

- a) A un contrato de obras de valor estimado inferior a 50.000 euros.
- b) A un contrato de obras de valor estimado inferior ou igual a 40.000 euros.
- c) A un contrato de servizos de valor estimado inferior a 15.000 euros.

R2.- Cal destes servizos é de prestación obrigatoria nun municipio de menos de 20.000 habitantes?

- a) Parque público.
- b) Instalacións deportivas de uso público.
- c) Protección civil.

R3.- A aprobación das ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións e aprobación definitiva polo Pleno.
- b) Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia aos interesados no prazo máximo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións e aprobación definitiva polo Pleno.
- c) Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia aos interesados no prazo mínimo de vinte días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións e aprobación definitiva polo Pleno

R4.- O órgano que resolve un recurso administrativo, decidirá:

- a) Sobre cantas cuestións, tanto de fondo como de forma, suscite o procedemento e teñan sido alegadas polos interesados.
- b) Só sobre as cuestións de fondo que teñan sido formuladas polos interesados.
- c) Sobre cantas cuestións, tanto de fondo como de forma, suscite o procedemento, teñan sido ou non alegadas polos interesados.

R5.- Cale dos seguintes contratos administrativos non se pode adxudicar a través do procedemento aberto simplificado, regulado pola lexislación vixente?

- a) Contrato de obras
- b) Contrato de concesión de obras
- c) Contrato de subministracións